

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 31 DE MARZO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trinta e un de marzo de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 26 de marzo de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DA INTERESADA

— Ganadería Campo S.C.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (257/2024) iniciado a instancia de parte:

- Solicitude de título habilitante municipal de carácter urbanístico para a execución de obras de “REFORMA DE CORTE DE RECRÍA, LEITERÍA E SALA DE MUXIDO E INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES”, no lugar de Calque, parroquia do Salto, instada por Dona María Marisa Portomeñe Pérez, na representación que ostenta no dito expediente da sociedade GANADERÍA CAMPO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Calque, parroquia do Salto, rexistrada con data 22 de abril de 2024 (RE-E núm. 224).

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado por Dona María Marisa Portomeñe Pérez, na representación que acredita da sociedade interesada, con data 28 de marzo de 2025 (RE-E núm. 231).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida á sociedade GANADERÍA CAMPO S.C. do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA GASTOS DERIVADOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS CON CARGO Á LIÑA 2 DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN +PROVINCIA) 2025

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, publicadas no BOP núm. 1, correspondente ao día 2 de xaneiro de 2024, e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan a subvención parcial de determinados gastos derivados da prestación de servizos municipais, de conformidade coa Liña 2 do Plan correspondente ao exercicio de 2025, anualidade na que o Concello ten asignada a cantidade total de 53.091,83 €, cifra que pode ser incrementada co sobrante da Liña 3.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial unha subvención con cargo á Liña 2 do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan + Provincia) 2025, por importe global de CINCUENTA E TRES MIL DOUSCENTOS CINCO EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (53.205,41 €), con destino ao seguinte gasto derivado da prestación de servizos municipais: Gasto corrente do tratamento dos residuos sólidos urbanos.

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Comprometerse a financiar con cargo a fondos municipais os gastos que, polo mesmo concepto, excedan da subvención concedida.

Quinto.- Solicitar o traspaso do sobrante do crédito asignado á Liña 3, por importe de 113,58 €, cara á Liña 2.

Sexto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de marzo do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de auxiliar administrativo (RS núm. 222, do 14/03/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Auxiliar administrativo (oferta núm. ██████████)

- Panadeiros Barreiro, María Jesús
- Patao Fernández, María Belén

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Patao Fernández, María Belén (RE núm. 371, do 19/03/25)
- Panadeiros Barreiro, María Jesús (RE núm. 391, do 21/03/25)

O Tribunal de selección previsto nas Bases, reunido o día 27 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte dos/as candidatos/as presentados/as dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoos/as ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos dos/as candidatos/as admitidos/as, co seguinte resultado:

CANDIDATA	ENTREVISTA	MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
MARÍA BELÉN PATAO FERNÁNDEZ	2,20	1,80	4,00
MARÍA JESÚS PANADEIROS BARREIRO	1,80	1,50	3,30

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (30 horas/semana), ata o día 31 de decembro de 2025, da traballadora que deseguido se sinala:

Auxiliar administrativa

NOME E APELIDOS	DNI
MARÍA BELÉN PATAO FERNÁNDEZ	██████████

RESERVA:

MARÍA JESÚS PANADEIROS BARREIRO

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- CONTRATACIÓN DE TRES (3) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de

conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 4 de marzo do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de tres postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de peón/a de obras públicas (RS núm. 165, do 06/03/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón/a de obras públicas (oferta núm. [REDACTED])

- Atef Al Laham, Hasan
- Busoic, Costel
- Carral Viana, Jesús
- Da Silva Estevinho, Daniel
- Fernández Fernández, José
- Ferreira dos Santos, María Manuela
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- Jorge Bernárdez, José
- Ledo Lamas, Luís
- Losada Blanco, María Varmen
- Míguez Salina, José David
- Sousa García, Cándida
- Toubes Pereira, Daniel

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Sousa García, Cándida (RE núm. 363, do 18/03/25)
- Da Silva Stevinho, Daniel (RE núm. 372, do 19/03/25)
- Toubes Pereira, Daniel (RE núm. 382, do 21/03/25)

- Míguez Salina, José David (RE núm. 384, do 21/03/25)
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria (RE núm. 385, do 21/03/25)
- Ledo Lamas, Luís (RE núm. 386, do 21/03/25)
- Fernández Fernández, José (RE núm. 387, do 21/03/25)
- Busoioc, Costel (RE núm. 396, do 24/03/25)
- Jorge Bernárdez, José (RE núm. 398, do 24/03/25)
- Ferreira dos Santos, María Manuela (RE núm. 400 e 401, do 24/03/25)
- Carral Viana, Jesús (RE núm. 402, do 24/03/25)

Por Resolución da Alcaldía de data 25/03/25 todos/as os/as presentados foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 25 e 28 de marzo do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ	7,00	1,60	8,60
FERREIRA DOS SANTOS, M ^a MANUELA	6,33	0,50	6,83
FERREIRO SANMARTÍN. MARÍA VICTORIA	11,33	3,60	14,93
JORGE BERNÁRDEZ, JOSÉ	11,33	2,10	13,43
LEDO LAMAS, LUÍS	11,33	2,40	13,73
MÍGUEZ SALINA, JOSÉ DAVID	5,66	0,10	5,76
SOUSA GARCÍA, CÁNDIDA	8,66	3,70	12,36
TOUBES PEREIRA, DANIEL	6,00	3,60	9,60
BUSOIOC, COSTEL	Non presentado	0,60	0,60
CARRAL VIANA, JESÚS	Non presentado	1,20	1,20
DA SILVA ESTEVINHO, DANIEL	6,66	0,60	7,26

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor dos/as seguintes tres candidatos/as que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo: María Victoria Ferreiro Sanmartín, Luís Ledo Lamas e José Jorge Bernárdez e.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal cualificador e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno

Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de nove meses, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón/a de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
MARÍA VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	██████████
LUÍS LEDO LAMAS	██████████
JOSÉ JORGE BERNÁRDEZ	██████████

RESERVAS:

CÁNDIDA SOUSA GARCÍA
DANIEL TOUBES PEREIRA
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
DANIEL DA SILVA ESTEVINHO
MARÍA MANUELA FERREIRA DOS SANTOS
JOSÉ DAVID MÍGUEZ SALINA
JESÚS CARRAL VIANA
COSTEL BUSUIOC

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 56,22 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 25A/358 (FACe).
- MARCAHILBE S.L. 3,12 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 02000002.

- MAPFRE ESPAÑA S.A. 512,32 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202519900020002465 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE INVIERNO A SANTIAGO 1.000,00 €
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/factura núm. 15 (FACe).
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA SLP 338,80 €
Por traballos de elaboración de documentación para a solicitude de subvención para o investimento denominado “*Rehabilitación enerxética da envolvente térmica da Casa do Concello*”, s/factura núm. PXT 25-019 (FACe).
- FRANCISCO JAVIER ALMÓN CERDEIRA 342,45 €
Honorarios por representación procesual do Concello en procedemento ordinario núm. 92/2024 ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra, s/minuta núm. 2025/63.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 59,21 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de febreiro de 2025, s/factura núm. 25ZNX0066577 (FACe).
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 718,74 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 22/25.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 46,80 €
Por subministro de mangueira para cisterna, s/factura núm. A/2025-120 (FACe).
- PENELA S.C. 517,08 €
Por subministro de material para obras no abastecemento municipal, s/factura núm. 4.

- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 3.806,76 €
Honorarios por dirección facultativa de obra incluída no Plan Marco 2024-2025, s/factura núm. 004/2025.
- MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO 951,69 €
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Marco 2024-2025, s/factura núm. 1.

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- O RODO, S. COOP. GALEGA 70,00 €
Por subministro de combustible á furgoneta de transporte alugada, s/factura núm. FA – 717.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)